

A ORIXE DO *GALEGO*

O galego é unha lingua románica ou neoclásica, é dicir, derivada na súa maioría do latín que trouxeron os romanos ao Noroeste da Hispania. Máis non é a única lingua que influíu no galego.

Para falar das orixes dunha lingua recorremos a tres conceptos lingüísticos: lingua de estrato, aquela da que deriva o noso tronco lingüístico.

Isto é, a lingua que influenciou con máis forza ao noso actual galego. O latín é a nosa lingua de estrato. Por outra banda, temos as linguas previas ao latín, coñecidas como linguas de substrato e as linguas posteriores a el, as de superestrato.

En resumo, existen tres conceptos clave para falar da orixe dunha lingua: **o substrato, o estrato e o superestrato.**

O SUBSTRATO DO GALEGO

O substrato corresponde aos restos lingüísticos dos pobos que existían no noso territorio **antes da chega dos romanos**. Debido ao escaso coñecementos do que dispoñemos é difícil determinar a influencia no galego actual... Coñecemos dúas influencias:

Este substrato coñécese como **preindoeuropeo**: linguas e pobos localizados na Idade de Pedra (no 3.000 a.C). A henda que nos deixaron estes pobos son palabras coa raíz en car- como carqueixa, en mor- como amorodo e en palabras como veiga ou parra.

Dun pobo en concreto si que sabemos que se instaurou en Galicia: os OESTRIMNIOS, dos que descoñecemos a lingua e as pegadas que puideron deixar.

Con respecto ao **indoeuropeo**, tampouco se trata dunha lingua senón dun pobo. Chegouse ao seu coñecemento a finais da Idade Media cando viaxeiros atoparon concomitancias entre as linguas europeas e as indias (viron que existía un léxico común entre as linguas).

Sánscrito	Grego	Latín	Anglosaxón	Ruso
matar	meter	mater	moder	mat'
asti	esti	est	is	desiat

Isto levounos a pensar na existencia dunha lingua común, un núcleo central entre os continentes (India e Europa) a partir do cal se produciron diferentes emigracións a diferentes zonas dos continentes europeo e asiático, dando lugar as linguas celta, armenio, xermánico, románicas.... que se mesturaron coa xa existentes en cada lugar de asentamento.



No noso territorio e parte da actual de Portugal chegaron dous grandes grupos que se superpoñeron sen facer desaparecer as linguas que xa existían.

No 800 a.C chegaron os paraceltas ou coromíñas, procedentes da zona da actual Polonia e Romanía.

No 600 a.C chegaron empurrados pola expansión xermánicas os pobos celtas. Dentro dos celtas que vivían en Europa existen dos grupos:

- O céltico continental: representado polo galo.
- O céltico insular: subdividido no gaélico e no britónico.

Centrándonos en Galicia a maior parte do noso léxico pertence ao céltico continental, por exemplo topónimos acabados en -obre ou -brix como O Grove ou Coímbra. Vaise conformando a cultura castrexa.

O ESTRATO DO GALEGO



Como dixemos a nosa lingua está influenciada na súa maioría polo latín. O latín é unha lingua indoeuropea do grupo Kentum (isto é idiomas que conservan o son /k/) como o céltico, o xermano e o grego.

O latín que chegou a nós, trátase non do latín literario senón un latín coñecido como “sermo vulgaris”. No proceso de evolución deste latín temos tres factores determinantes:

- A localización tan periférica do noso territorio da metrópole romana.
- O substrato cultural e lingüístico dos que xa vivían no noso territorio.
- As características do latín que trouxeron os colonizadores.
 - a. No noso caso trátase dun latín arcaizante procedente da bética. Por iso, palabras como asemade son voces comúns na nosa lingua pero non noutras.

Durante os séculos que estiveron ata a entrada dos romanos en Galicia formouse o que se coñece como Cultura Castrexa.



Os romanos chegaron á península no 218 a.C. o proceso de romanización pasou por tres fases:

1. Penetración, chegando ata o río Limia, ocorre a famosa batalla do Medulio.
2. Sometemento, ata o porto de Betanzos (Brigantium)
3. Asentamento, arredor do 29-19 a.C.



A nosa zona converteuse nunha provincia máis do Imperio Romano co nome de GALLAECIA. Coa romanización o latín foise impondo de xeito progresivo e lento, convivindo coas linguas que xa existían no territorio ata que gradualmente pasan a falar un latín mesturado con características das demais linguas e conformando (no século VIII) o que se coñece como romance galaico-portugués.



Porén durante moitos anos os romanos conviviron cos CASTREXOS nun contexto diglósico e bilingüe onde o latín era a lingua do poder, do exército, da relixión e da educación) mais que nos contextos familiares empregaban a lingua castrexa.

Ao final a superioridade económica e política, como o feito de que para prosperar economicamente precisabas a cidadanía romana (co que deberías saber latín) ou os

matrimonios mixtos, aceleraron o proceso de substitución lingüística que ningún caso foi forzosa senón GRADUAL.

Ao igual que o proceso de substitución dunha lingua por outra, a cultura tamén acabou asimilando costumes e crenzas romanas. Así, como o sistema arquitectónico e gubernamental, deixando de vivir en Castros para asentarse en cidades, construír rúas e pontes e introducir novas formas de agricultura.

Finalmente acaba impoñéndose o latín e del deriva a maior parte do nosos léxico.



QUE PASOU DESPOIS DOS ROMANOS?

O SUPERESTRATO DO GALEGO

Son as linguas que influíron na creación do galego despois do latín, é dicir, os pobos e linguas que se asentaron no territorio e no canto de asimilarnos acabaron sendo asimilados polo latín e a nosa cultura. No noso caso, mencionaremos o xermánico e o árabe.

Debido a decadencia do Imperio Romano no século V d.C chegan as invasións dos pobos xermanos, máis concretamente a Galicia chegan os SUEVOS, quen sen necesidade de forza chegan a un pacto cos romanos cedéndolles o dominio de Gallaecia.

Formando así o Reino Suevo de Galicia, con Hermerico como o seu primeiro rei. Para moitos historiadores un dos primeiros de toda Europa. Este territorio ocupaba a actual Galicia e parte da actual Portugal.



Hermerico I, nado na segunda metade do século IV e finado no ano 441, foi o primeiro rei do Reino Suevo de Galicia, gobernando dende o 409 até o seu retiro, en favor do seu fillo Requila, no ano 438

Un século e medio despois, chegan os VISIGODOS, quen rivalizan cos suevos ata lograren dominalos. O dominio visigodo estendíase a toda a Península Ibérica. Porén un dos seus reis, Leovigildo, crea unha separación administrativa na que diferencia o reino de Galicia, Hispania e Galia.



Das súas linguas tamén sabemos pouco, pois non eran tan proclives a rexistrar en escritos a súa lingua. Por outra banda, tamén nos resulta case imposible diferenciar que son achegas suevas das visigodas pois as dúas son linguas xermanas.

1. Os xermanismos que entraron co latín dos romanos: gañar, gardar...
2. Os que entraron coas invasións xermánicas. Suponse que os xermanismos atopados só no noroeste peninsular son suevos e os que comprenden toda a península son visigodos, pois os suevos só tiveron influxo no noroeste.
3. Por último, os xermanismos chegados xa na Idade Media por medio da poesía occitana como xardín ou frecha.

A pesar da longa duración e contacto co noso pobo e coa lingua latina, nunca impuxeron a súa lingua debido, entre outras cousas, a que: nunca chegaron a ter un aparello administrativo válido e eficaz, eran un número moi reducido e non estaban permitidos os casamentos mixtos.

Ademais a igrexa dominada en lingua latina o ámbito espiritual, moral e educativo así que no canto de xermanizaren acabaron latinizados.

En relación aos **ÁRABES**, chegados á península no 711 d.C a súa presenza en Galicia é escasa, máis si pertenceu administrativamente. Porén foi un dos primeiros territorios reconquistados aos musulmanes, grazas a axuda dos astures.

Si que existen restos da súa lingua en topónimos como A Mezquita ou Rabade e, en palabras como arroz, alcalde, aldea, aceite mais nada na sintaxe nin na fonética. O máis aceptado é crer que estas palabras non chegaron a nós por contacto directo co árabe, senón a través doutras linguas como o castelán e o portugués.

Todas estas achegas, tanto do substrato como do superestrato, incorporadas a lingua deixada polos romanos van conformando as LINGUAS ROMANCES.

LATÍN	Galego	Castelá	Francés	Rumano	Italiano
ARBOL	Árbore	árbol	arbre	arbore	albero
MANUS	mán/mao	mano	main	mana	mano
NIVIS	neve	nieve	neige	nevè	neve
TRES	tres	tres	trois	trei	tre

Falar dun momento concreto do seu nacemento é complicado, pois a formación dunha lingua é un proceso de centos de séculos. Podemos concretar a península no século VIII-IX repártese entre; galego (ou galego-portugués), castelán, euskera, asturleonés, mozárabe, aragonés e catalán, diferentes dialectos latinos ben diferenciado da súa lingua nai.

Nun principio todas estas linguas teñen as mesmas posibilidades de imposición unhas sobre outras, pero serán diferentes circunstancias socio-políticas e económicas as que determinaron o dominio de cada unha. (Verémolas nun próximo tema)

Por último, non debemos esquecer que o romance galego convivió ata épocas recentes co latín xa que era a lingua da ciencia e da igrexa, polo que as súas achegas nunca cesaron por vía culta. Estas achegas son coñecidas como CULTISMOS latinos ou gregos.

RESUMO DO CAMIÑO QUE FIHO A NOSA LINGUA ATA A IDADE MEDIA

